

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ DESTINADO A NENOS E NENAS DE 0 A 6 ANOS CON TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO OU EN RISCO DE PADECELOS E ÁS SÚAS FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2023**

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude

A Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións có número 2004/7748-1 tendo como fins primordiais recoller as experiencias propias e alleas no campo da atención temperá, facilitar a reflexión e debate profesional, divulgar as novidades tecnolóxicas e metodolóxicas e achegar ás familias todos os coñecementos e medios para ofrecerlles aos nenos e nenas con déficits ou con risco de padecelos, un conxunto de accións optimizadoras e compensadoras que faciliten a súa axeitada maduración en todos os ámbitos e que lles permita acadar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-1054.

Actualmente faise patente a necesidade de establecer medidas de apoio no marco do sistema público dos servizos sociais orientadas a ofrecer asistencia, asesoramento e atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias, para facilitar a promoción da súa autonomía persoal e a inclusión social. Esta intervención de contido social debe complementar a atención sectorial que se presta desde os ámbitos sanitario e educativo.

O programa desenvólvese nas Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de AGAT, que están localizadas nas comarcas do Deza, do Salnés e de Bergantiños, e inclúe apoio técnico e psicosocial ás familias das e dos menores usuarios, en concreto:

- Detección e prevención precoz dos trastornos do desenvolvemento e das situacións de risco de padecelos.
- Valoración e intervención interdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.



- Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social.
- Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dunha programación de actividades e apoios específicos, incluíndo a formación, información e apoio emocional.
- Estimulación e desenvolvemento activo do neno/a no seu ámbito de vida e nos aspectos afectivo-emocionais, sensorio-motrices, cognitivos, de xogo, da comunicación e da linguaxe, tendo sempre en conta as súas necesidades e prioridades evolutivas.
- Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos. Apoio e asistencia técnica aos centros educativos e sociais.
- Creación dos espazos de autoaxuda, intercambio de información, sentimentos, expectativas, dificultades, entre outros.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 está prevista unha subvención nominativa a favor desta entidade, polo que para a súa instrumentación, conforme ao previsto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve e en congruencia cos obxectivos citados, resulta conveniente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e AGAT para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá da entidade AGAT destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias no ano 2023.

Este financiamento farase a través do presente convenio, que terá vixencia desde o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023.

Para o cumprimento do programa e actuacións previstos na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00€)**, con irán con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto vén motivado porque, ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as



subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Persoas con Discapacidade

Fernando González Abeijón

